

10 Comunicación, cultura, deporte e compromiso

Comunicación

A principal novidade do ano no que se refire á comunicación da Universidade da Coruña foi a súa presenza nas redes sociais desde finais do mes de abril –facebook (www.facebook.com/udc.gal) e twitter, (@UDC_gal)– cunha clara aposta pola comunicación en galego como demostran as extensións (gal) dos dominios escollidos nos dous casos. A vantaxe da comunicación inmediata cos usuarios quedou de manifesto nas dúas xornadas electorais de elección a reitor (1 e 13 de decembro), en que o escrutinio que se foi *tuiteando* e *posteando* tivo un gran seguimento nas dúas redes, cunha alta interacción.

Resumo dos datos significativos da actividade do Gabinete de Comunicación:

- Elaboración do resumo de prensa diario con novas relacionadas coa universidade e coa I+D aparecidas en 204 xornais e 246 revistas en soporte papel. O resumo de prensa ponse en aberto na páxina web a disposición de todos os usuarios. Os impactos rexistrados da UDC en prensa escrita suman a cifra de 2.746.
- IV edición do curso de verán de divulgación científica na sociedade: “A importancia do deseño na configuración da mensaxe”.
- Edición de catro números da revista *Universidade & Sociedade (U+S)*, cunha tiraxe global de 9.200 exemplares en papel que se distribúen en empresas, institucións e institutos de ensino secundario en Galicia. A distribución dentro da comunidade universitaria faise a través do correo electrónico.
- Redacción de 387 notas de prensa, enviadas a medios de comunicación xeneralistas de Galicia, ademais de subilas á páxina web da UDC e, desde finais de abril, difundidas tamén en facebook e twitter.
- Atención aos medios de comunicación a través dos teléfonos de contacto do Gabinete de Comunicación e do correo electrónico, cunhas 2.340 consultas.
- Produción de 17 programas de radio en directo desde os distintos centros da UDC, coa colaboración de Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.
- Organización de roldas de prensa e comparecencias. Destaca a organización do seguimento do escrutinio en directo desde a Sala de Prensa das eleccións a reitor, os días 1 e 13 de decembro. Ademais de dar cobertura aos medios de comunicación que asisti-

ron: prensa, radio, dixitais e televisións, informouse en directo dos resultados nas redes sociais.

- Posta en marcha da páxina oficial en facebook a finais de abril. En menos dun ano, o balance é de 2.733 seguidores, cun alcance das informacións publicadas que chega ata as 6.296.
- Posta en marcha da páxina oficial de **twitter**. En menos dun ano hai 3.743 seguidores e subíronse 1.350 tuits.

Márketing

- Edición de folleto “Uns cantos argumentos para elixir Universidade da Coruña” con información das titulacións de grao e posgrao para o curso 2011-2012. Editáronse un total de 9.550 folletos en galego, 2.100 en español e 1.350 en inglés.
- Distribución en man de 5.000 folletos “Uns cantos argumentos para elixir Universidade da Coruña” entre o alumnado que realizou as probas de acceso á Universidade nos campus da Coruña e Ferrol.

– Cuñas de publicidade radiofónica emitidas en Los 40 Principales. Emitiuse un paquete de 111 cuñas de 20 segundos de publicidade da Universidade da Coruña entre o 15 de abril e o 30 de xuño.

– Elaboración de “displays” coa imaxe corporativa da Universidade da Coruña que se distribuíron a todos os centros para o seu posterior uso en actos públicos.

– Os alumnos preuniversitarios puideron consultar mediante unha aplicación en facebook que titulacións da UDC eran máis afíns ás súas notas medias de bacharelato e de selectividade.

– Inserción dun bñner de publicidade da Universidade da Coruña na páxina web de *La Voz de Galicia* entre o 2 de abril e o 30 de xuño que obtivo 14.858.141 impresións (un 20% máis que a campaña do ano 2010) e 9.319 accesos (un 40% máis que a campaña do ano 2010) que ligaban directamente á páxina web da UDC.

– Insercións publicitarias en distintos medios.

Publicacións

En 2011 o Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña continuou a xestionar a edición, difusión e comercialización de libros e revistas e enriqueceu o seu catálogo editorial con 22 novos volumes e 6 novos números de publicacións periódicas. Ao mesmo tempo, preparou os arquivos pdf para publicalos en acceso aberto, dentro do Repositorio Institucional (RUC), dos números correspondentes ao ano 2010 das revistas da UDC xa incorporadas a esta aplicación en exercicios anteriores, así como dos primeiros 50 volumes da colección de Cursos e Congresos.

Como en anos anteriores, o Servizo ocupouse tamén de distribuír entre as bibliotecas de centros da UDC os libros e revistas recibidos doutras universidades e institucións en concepto de intercambio. Así mesmo, xestionou a cesión de códigos ISBN propios da editorial universitaria a aquelas publicacións de membros da UDC e elaborou as correspondentes fichas para o seu rexistro na base de datos do ISBN.

Relación de libros e revistas publicados en 2011

Monografías

- Anxo Calvo Silvosa e Fernando de Llano Paz
O problema da determinación do MIX enerxético (n.º 142)

- Paz Romero Padilla
Señores de dos reinos. Los portugueses y el gobierno de Castilla en el siglo XV (n.º 143)

Actas

- M.^a Nieves Peiró Granier e Viviana Fernández Marcial (eds.)
Nuevas tecnologías en bibliotecas y archivos (n.º 116)
- Carlos Biscainho Fernandes e Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.)
Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación (n.º 117)
- Juan de Dios Ruano Gómez (coord.)
El cine como prospectiva en la sociedad del riesgo: IV Jornadas sobre gestión de crisis (n.º 118)
- Cristina López Villar (coord.)
Estudios multidisciplinares para la humanización del parto (n.º 119)
- Ana Jesús López Díaz (coord.)
Jornadas: La mujer en la ingeniería (n.º 120)
- Xesús M. Mosquera Carregal (ed.)
Lingua e sanidade. VII Xornadas sobre lingua e usos (n.º 121)
- Miguel Ángel Pérez Álvarez (coord.)
Persona, tolerancia y libertad a través del cine: estudios jurídicos (n.º 122)

- Xulio Ferreiro Baamonde (dir.)
Dereitos humanos e países empobrecidos (n.º 123)
- Carme Fernández Pérez-Sanjulián (ed.)
Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936. (n.º 124)

Manuais

Paulo Martínez Lema e Goretti Sanmartín Rei
Unha outra guía para a intervención lingüística

Publicacións institucionais

- Xosé Lois Martínez Suárez e Manuel Soto Castiñeira (coords.)
Guía para a sustentabilidade ambiental na UDC.

Nova Terra

- Beatriz García Izquierdo e outros
Evolución geodinámica y procesos mantélicos en el Macizo de Herbeira, Complejo de Cabo Ortegal, NO de la Península Ibérica (n.º 39)
- Rubén Díez Fernández
Evolución estructural y cinemática de una corteza continental subducida: la unidad de Malpica Tui, NO del Macizo Ibérico (n.º 40)

Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor

- Maria de Lourdes Nunes Ramalho
A feira. O trovador encantado (n.º 67)

- Isabel Moskowich, Begoña Crespo e Cristina Mourón (eds)
A arca de Noé (n.º 68)
- Leandro Carré
Teatro recuperado: O pago. O engano. Un caso complicado (n.º 69)

Anexos de Revista de Lexicografía

- Viçenç Beltrán
Para una historia del vocabulario poético español. De Mena al Renacimiento (n.º 16)

Ciencia Aberta

- Teresa Moure
Ecolingüística: entre a ciencia e a ética (n.º 2)

Outras publicacións

- Ramón Vilalta López e outros
Diccionario de química
- Luis Muñoz Fontenla e Juan Rodríguez Vázquez (coords.)
Arquitectura en Japón. Miradas de occidente

Revistas

- Anuario da Facultade de Dereito 15, 2011
- Cadernos; Laboratorio xeolóxico de Laxe 36, 2011
- Revista Galega de Filoloxía 12, 2011

- Revista Galego Portuguesa de Psicoloxía e Educación 19 1/2, 2011
 - Sarmiento 15, 2011
- As restantes revistas do catálogo editorial da UDC non publicaron aínda o número ou números correspondentes a 2011.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Libros	22	37	33	31	21	22
Revistas	10	10	9	10	11	6

Cadro 188 Evolución do número de publicacións

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Libros recibidos	1061	1138	1116	1007	1101	519
Revistas recibidas	277	502	460	436	442	264
Libros enviados	Sen datos	1250	1450	1311	1243	447
Revistas enviadas	Sen datos	948	804	1078	500	729

Cadro 189 Evolución do intercambio de publicacións

Cultura

O fito máis importante do ano no ámbito cultural foi a inauguración, o sete de febreiro, de Normal, o novo centro cultural da Universidade da Coruña, nun acto que presidiu o reitor, José María Barja.

Normal é un espazo de intervención cultural en que se pretende dar voz a outras linguaxes a través da expresión artística e de calquera modalidade de manifestación cultural. Toma o seu nome da antiga Escola Normal de Maxisterio, que durante moitos anos ocupou o mesmo edificio, agora rehabilitado para a súa nova función, no Paseo de Ronda, na Zona Escolar.

A UDC abriu Normal coa idea de ampliar a oferta cultural da cidade e de dedicarlle un espazo aos eventos máis vangardistas e innovadores, así como ao debate e á creación de proxectos propios.

Teatro e danza

A Aula de Teatro e Danza da UDC presentou na Coruña e en Ourense as obras *Rede na rede*, de Rut Balbís, e *Nunca durmo*, de Rubén Ruibal e organizou, entre abril e maio, a 18.^a edición do Festival internacional de Teatro da Coruña (FITEUC). Tamén participou nos encontros de danza das universidades galegas, que se desenvolveron en Santiago e Lugo.

Ao longo de 2011 programáronse cursos de iniciación á danza contemporánea e de interpretación teatral, tanto no campus da Coruña como en Ferrol. Dedicáronse senllos obradoiros á creación dun texto dramático e ao alumnado matriculado na Universidade Sénior. Con carácter específico, impartíuse un curso de técnicas de voz falada e cantada para teatro.

Cinema e imaxe

A Aula de Cinema e Imaxe programou seis cursos, o primeiro deles centrado nas técnicas de animación en *stop-motion*. Os outros cursos, organizados xa en Normal, dedicáronse a *O Cinema norteamericano dos anos 60*, *Redescubriendo a Chaplin*, *O cinema de Luis Buñuel*, *De Kinugasa a Kitano*, *unha historia do cinema xaponés* e *Refinamento, poesía e alma no cinema de John Ford*.

Escritas cinematográficas entre a experimentación e a industria, foi o título do curso de verán, que se desenvolveu no salón de actos da ETS de Náutica e Máquinas. Era a quinta edición e desta vez vinculouse á exposición dedicada en Normal ao cineasta estadounidense David Lynch.

Nesta mostra, titulada *Action Reaction*, analizáronse o universo creativo de David Lynch e as diferentes facetas

creativas do artista norteamericano, as súas influencias pictóricas, o seu *modus operandi* cinematográfico e as ideas base dos seus traballos en diferentes formatos ou disciplinas.

Por outra banda, na Sala Cubo, unha das áreas habilitadas no edificio de Normal, proxectáronse varias curtemetrexes de vangarda e o filme experimental *Koyanisqatsi*, de Godfrey Reggio.

Aula de Música

Música nos Campus é o nome do novo ciclo que se estreou en febreiro, marzo e abril. Este ciclo súmase aos outros dous (*Concertos Didácticos* e *Novos Intérpretes*) que se organizan desde hai cinco anos.

Organizouse un obradoiro de canto coral e mantívose a actividade na Escola de Música da Coruña, en tanto a de Ferrol interrompeuse ao se dar de baixa a profesora habitual.

A Camerata Vocal da UDC participou no Concerto de Nadal e no acto de apertura do curso. Así mesmo, deu un concerto no Collegium Musicum de La Rioja e nas XIV Jornadas Polifónicas Internacionales *Ciudad de Ávila*.

Cátedra Jorge Juan

Da dirección da Cátedra Jorge Juan, xestionada conxuntamente en Ferrol pola UDC e pola Armada,

encargouse o capitán de navío David Rodríguez López, que foi substituído en outubro por Fernando Agulló Leal, profesor titular da Facultade de Ciencias do Traballo.

Programáronse dez conferencias sobre distintas cuestións da actividade e da cultura naval, sobre as investigacións dos arqueólogos da Universidade da Coruña, sobre a situación económica de España e sobre a evolución da cidade de Ferrol, entre outras.

Exposicións

A apertura do centro cultural Normal permitiu programar en 2011 un amplo número de mostras, comezando por *Agora é isto*, exposición de arte urbana, aberta entre febreiro e marzo, e seguindo por outras, como *Acción#1 Polaquia*, e por distintas presentacións e obradoiros.

Do ámbito audiovisual cómpre salientar *Maya Deren* (abril) *Esferobite* (maio) e *Radiografía dun autor de tebeos*. *Marcos Nine* (xullo). Seguíronlle outras actividades, como os foros *Alterando o normal*, *Tanxencias de arte urbana* e *Situación, formatos e estruturas actuais da danza profesional en Galicia* ou o concerto de música contemporánea *Espazo Ixor*.

En xuño abriuse no salón de actos do Campus de Ferrol a exposición colectiva *O Courel*, da sección de fotografía do Grupo Bazán.

Obradoiros

No campus da Coruña, arredor de 200 persoas inscribíronse nos distintos obradoiros que se ofertaron de cociña, photoshop, percusión, radio, literatura, iniciación á fotografía e arte.

No campus de Ferrol os interesados tiveron a oportunidade de participar en cursos de fotografía, artesanía

en coiro, introdución ao jazz ou percepción da obra artística, así como de asistir a audicións comentadas de música rock.

Campus rock

Dentro da XVII edición do Campus Rock, actuaron nunha discoteca da Coruña *Ornamento y Delito* (pop-rock post-punk) e *Jenny Hval*. (experimental/folk).

Cursos, conferencias, seminarios

A Oficina de Cursos encargouse, ao longo de 2011, da coordinación de preto de 250 cursos, congresos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias. A maioría destas actividades organízanas facultades, escolas, departamentos, grupos de profesores, delegacións de alumnos ou asociacións estudiantís. Reciben o apoio da Oficina de Cursos –cando así o solicitan– para coordinar solicitudes de axudas acolidas a convocatorias da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación e para difundir os actos mediante a páxina web <http://udc.es/occ> e mediante os envíos masivos de dípticos ou trípticos. Así mesmo reciben

material institucional da Universidade e apoio organizativo.

Cómpre salientar as convocatorias de axudas económicas para realizar xornadas e ciclos de conferencia que este ano se dividiron en dúas, correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre do ano.

Así mesmo, a convocatoria de axudas económicas para cursos de verán, que se realizan entre os meses de xuño e setembro, traducíuse nun aumento do 30% na oferta de cursos respecto de anos anteriores.

Título do curso	Director/a
Escrituras cinematográficas entre a vangarda e a industria	David Castro de Paz
Ensinar literatura hoxe	M. ^a Teresa López Fernández
Literatura e espazo urbano: “Os libros arden mal”, de Manuel Rivas	Xosé M. ^a Dobarro Paz e M. ^a Antonia Pérez Rodríguez
VII Curso de verán sobre dinamización lingüística, traballando en lingua, (re) pensando o discurso	Goretti Sanmartín Rei
2011. Ano Internacional da Química: Achegas desde diferentes perspectivas	Carlos Platas Iglesias
Comportamento mecánico/reolóxico de materiais	Ramón Pedro Artiaga Díaz
Vivenda e espazos de relación nos núcleos tradicionais de Galicia 4. Casas, aldeas, parroquias	Alfredo Freixedo Alemparte
Diseño mecánico 3D con Solid Edge (nivel básico e avanzado)	Juan de Dios Rodríguez García
Técnicas avanzadas. Mantemento industrial	Antonio Couce Casanova
V Curso temático sobre educación infantil da Mariña. Educar a través do ritmo e a música na escola infantil	M. ^a Dolores Candedo Gunturiz
Psicoloxía e discapacidade	Eduardo Pásaro Méndez e Alicia Riso Migues
Política social europea e inclusión. Os valores en tempo de crise	Manoel Baña Castro e Isabel Novo Corti
A protección dos dereitos contractuais do arrendador inmobiliario urbano	Rafael Colina Garea
Reformar o Estatuto de Galicia?	Santiago Roura Gómez
A xestión do talento universitario nas organizacións innovadoras	Nuria Calvo Babío
Tendencias e perspectivas do sector turístico no novo contexto económico-social	M. ^a Teresa García Álvarez e Rosa M. ^a Mariz Pérez
I Curso de verán sobre economía do deporte	José Manuel Sánchez Santos
O futuro da Unión Europea: democracia, estabilidade e ampliación	Diego Varela Pedreira
Suxeitos emerxentes: sexualidades e feminismos contemporáneos	Antía Pérez Caramés
A evolución do turismo no marco da sociedade global: retos para a súa planificación e xestión	Antón Álvarez Sousa e M. ^a José Andrade Suárez
IV Curso de divulgación científica na sociedade. Transmisión de información. A importancia do deseño e a configuración da mensaxe	María Ares Sanmartín
I Curso de novos feminismos: o traballo sexual desde a perspectiva de xénero no tempo da emerxencia da industria do sexo	José Ángel Brandariz e Luz María Puente Aba

Deportes

Ao longo do ano, preto de 3.500 membros da comunidade universitaria participaron nas actividades deportivas programadas ou organizadas pola UDC. Grazas aos convenios subscritos coa Xunta e cos concellos da Coruña e de Ferrol, as actividades de vida saudable e o deporte universitario desenvólvense en distintas instalacións das dúas cidades.

Como cada ano, en novembro celebrouse o Día do Deporte na UDC, unha xornada con actividades e competicións nas máis diferentes modalidades e de fomento das actividades saudables. Nesta ocasión o Premio UDC Deportes recaeu na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, como recoñecemento ao seu labor educativo e á súa contribución á profesionalización da educación deportiva en Galicia ao longo dos seus 25 anos de existencia.

Competición

As ligas universitarias contaron aproximadamente con 2.000 estudantes pertencentes a máis de 180 equipos, en modalidades deportivas como o fútbol 7 (75 equipos), baloncesto (28 equipos), fútbol sala (76 equipos) e rugby (4 equipos na Coruña). Cos campionatos internos, a Área de Deportes procura a participación da comunidade universitaria en modalidades menos tradicionais e, xa que logo, con menor demanda. En moi-

tas ocasións, estas competicións serven para acadar a clasificación para os Campionatos de España Universitarios.

Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da Universidade da Coruña superou os 250 participantes e acadou resultados importantes, como a vitoria en seis modalidades de equipo.

Nos Campionatos de España participa alumnado de 1.º, 2.º ou 3.º ciclo, procedente de todas as universidades de España, o que suma máis de 5000 deportistas cun alto nivel de rendemento deportivo. Nesta convocatoria a UDC inscribiu 220 deportistas.

Dentro dos campionatos estatais, nas modalidades deportivas individuais, organizáronse 26 competicións. A UDC participou en 20 deles cun total de 80 deportistas, o que significa que estivo presentes no 77% das modalidades, unha das maiores participacións a nivel estatal. Obtivo nove medallas en volei-praia, taekwondo, judo, triatlón e esgrima.

O número total de participantes en deportes colectivos foi de 144, distribuídos entre voleibol feminino e masculino, balonmán masculino, fútbol 11 masculino, fútbol 7 feminino e rugby masculino. As participantes

no equipo de rugby feminino quedaron subcampionas de España.

No ámbito internacional cómpre salientar a participación nos Campionatos de Europa Universitarios de volei-praia masculino e feminino, que tiveron lugar en Málaga, así como nos de taekwondo, na localidade portuguesa de Braga. Neste caso competiron Francisco Javier Sieira Rodríguez (medalla de prata), Sabela Lonja Dios (medalla de prata), Victoria Davalos Orta (medalla de bronce) e Saúl Rilo Álvarez.

Xa por último, dous deportistas da UDC (María José Corral Bouza, na modalidade de volei-praia, e Francisco Javier Sieira Rodríguez, na modalidade de taekwondo) participaron na Universiada 2011 (as olimpíadas universitarias), que tiveron lugar en Shenzhen (China).

Formación

Escolas deportivas e cursos de formación suman 41 actividades ao longo do ano. Xunto con 25 escolas deportivas, ofertáronse numerosos cursos, entre eles os de actividades náuticas (catamarán, windsurf e surf).

Como complemento das actividades deportivas de competición, mantemento e de lecer, organizáronse cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial e validables por créditos de libre configura-

ción para mergulladores, monitores de tempo libre e patróns de embarcacións de recreo.

Mantemento físico

Os usuarios da comunidade universitaria dispuxeron das instalacións deportivas da Xunta na Coruña (Elviña, Sardiñeira e Agra II), do Concello de Ferrol (Caranza) e do Concello de Narón (A Gándara) para practicar actividades deportivas de mantemento. Con prezos especiais, alumnado e persoal universitario acceden ao uso destas instalacións e a participar en actividades programadas.

Para todas as actividades de mantemento físico está dispoñible o asesoramento da Unidade de Exercicio e Saúde, que conta co asesoramento dun licenciado en Educación Física e dun médico especialista en actividade física.

Actividades na natureza

Preto de 400 persoas inscribíronse nas actividades na natureza, en especial nas camiñadas por distintas rutas de Galicia. Outras actividades ofertadas, todas elas abertas a persoas alleas á comunidade universitaria, foron os cursos de equitación, de iniciación e de perfeccionamento, o pontismo, o balsismo, o kaiak raft, as rutas en canoa, as rutas en piragua, as rutas a cabalo e os descenso de canóns.

Eventos deportivos

A UDC organizou o Campionato Galego Universitario de Natación, que tivo lugar o 23 de febreiro na Facultade de Ciencias do Deporte. Participaron máis de 70 nadadores e nadadoras das universidades de Vigo, Santiago e A Coruña.

Tamen organizou o Campionato Galego Universitario de volei-praia na praia de Bastiagueiro, en Oleiros. Participaron 44 deportistas das tres universidades e os vencedores das respectivas categorías masculina e feminina clasificáronse para o Campionato de España.

Cooperación e voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado organiza as súas actividades en tres áreas de actuación: cooperación, voluntariado e formación.

Cooperación

A Universidade da Coruña participou en campañas de sensibilización conxuntamente con outras ONG e desenvolveu diferentes actuacións propias. Unha das máis salientables foi a convocatoria da quinta edición dos Proxectos de Coñecemento da Realidade, iniciativa a través da cal o alumnado opta a realizar estadias dun a tres meses en países en desenvolvemento. Na convocatoria de 2011 participaron seis estudantes.

Respecto da *Convocatoria de Axudas a Proxectos de Investigación en Cooperación ao Desenvolvemento*. Fondo 0,7%, este ano seleccionáronse seis proxectos.

A dotación para estas axudas reduciuse á metade, á vista do escaso número de profesores que fan investigación orientada á cooperación.


Voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado mantén abertos varios programas cos que se canaliza a colaboración dos membros da comunidade universitaria que queren tomar parte activa en tarefas solidarias.


Os programas máis importantes son os que se desenvolven en asentamentos chabolistas como os das Rañas e do Portiño, no Centro de Acolida de Menores de Bañobre e na Residencia Abrente de Ferrol, así como os programas de dinamización e colaboración co Centro de Atención ao Minusválido Físico e coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer, ambos de Ferrolterra.

Formación


Ao longo de 2011 realizáronse cursos de preparación de voluntariado, habilidades sociais e de comunicación e xornadas de sensibilización sobre inmigración e multiculturalidade.




Cadro 191 Voluntarios/as por proxecto no campus da Coruña



Cadro 192 Voluntarios/as por proxecto no campus de Ferrol



Cadro 193 Voluntarios/as por estudos no campus da Coruña



Cadro 194 Voluntarios/as por estudos no campus de Ferrol

Igualdade de Xénero

As principais actividades da Oficina de Igualdade de Xénero en 2011, dirixida ata setembro por José Ángel Brandariz, foron as seguintes:

- Desenvolvemento da páxina web
- Continuación da recollida de datos para a diagnose do Plan de igualdade de oportunidades da Universidade.
- II Curso de Novos Feminismos: *O traballo sexual desde unha perspectiva de xénero, no tempo da emerxencia da industria do sexo*.
- Publicación do libro *Muller e enxeñería*.
- *Performance* Compañía Gayo Pinheiro “Área de descanso”. Incluídas nas actividades da Plataforma proxecto cárcere 2011.
- Xornadas *Migracións transnacionais: Xénero, racismo e exclusión social*.
- Xornadas *As teorías de descolonialidade e de xénero interrogan a Foucault*.
- Proxección do documental *Digna rabia*, no Normal, sobre a represión ideolóxica e de xénero durante o franquismo.
- Xornadas *Muller e mercado laboral na Facultade de Ciencias do Traballo* (en Ferrol).
- Mesa redonda sobre *Política municipal desde unha perspectiva de xénero*, no centro de intervención cultural Normal.
- Conferencia de Fernanda Carrizo: “*Entre a arte política e a acción feminista: un percorrido desde a experiencia vivida*”.

Actividade social para a colectividade universitaria

Ademais das actividades culturais e deportivas, a Universidade organizou outras actividades de carácter social e familiar, entre as que salientan os campamentos que se organizan para rapaces e rapazas en Semana Santa e no verán. A matrícula ábrese tamén a familias alleas á comunidade universitaria.

O XII Campus Mauro Silva desenvolveuse nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física durante a Semana Santa. Contou

coa participación de 194 nenos e nenas de entre 4 e 12 anos, na súa maioría fillos de membros da comunidade universitaria. Despois de doce edicións, este campus é un referente na Coruña neste tipo de eventos.

Por outra banda, nas distintas quendas e modalidades dos campamentos organizados en xuño e xullo, con nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, participaron un total de 248 rapaces.

Campamento	Nenos/as
Campamento de inglés (A Coruña)	33
Campamento de inglés (Ferrol)	86
Campamento multideportivo (A Coruña)	129
Total	248

Cadro 195 **Asistencia aos campamentos de verán da UDC en 2011**